

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

1.- A evolución da educación especial en Europa nas últimas décadas: da institucionalización e do modelo clínico á normalización de servizos e ó modelo pedagóxico.

2.- A educación especial no marco da LOXSE. O seu desenvolvemento normativo. O concepto de alumnos con necesidades educativas especiais.

3.- O proceso de identificación e valoración das necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas e a súa relación co currículo. Decisións de escolarización. A avaliación do proceso educativo e criterios de promoción para estes alumnos.

4.- O centro ordinario e a resposta ás necesidades especiais dos alumnos e das alumnas. O Proxecto Educativo Educativo e o Proxecto Curricular en relación con estes alumnos. As adaptacións curriculares.

5.- O centro específico de Educación Especial: Características do Proxecto Educativo e do Proxecto Curricular. Referentes básicos e criterios para a súa elaboración.

6.- A orientación no proceso educativo dos alumnos e das alumnas con necesidades educativas especiais. Estructura e organización e función da orientación destes alumnos.

7.- Os recursos materiais e persoais para a atención dos alumnos e das alumnas con necesidades educativas especiais. Recursos da escola.

Recursos externos á escola. Colaboración entre servizos específicos e servizos ordinarios.

8.- O mestre de educación especial. Funcións. Modalidades de intervención. Relación do mestre de educación especial co resto dos mestres do centro e cos Servizos de apoio externos á escola.

9.- A participación da familia na educación dos alumnos e das alumnas con necesidades educativas especiais. Canles de participación. O papel dos pais na toma de decisións respecto ó proceso de escolarización destes alumnos.

10.- Os alumnos e as alumnas de Educación Infantil. Desenvolvemento evolutivo nos diferentes ámbitos: motor, cognitivo, lingüístico, afectivo e social. Alteracións no desenvolvemento.

11.- As necesidades educativas especiais na etapa de Educación Infantil. A resposta educativa ás necesidades especiais destes alumnos no proxecto curricular e nas programacións. As adaptacións curriculares.

12.- Os alumnos e as alumnas de Educación Primaria. Desenvolvemento evolutivo nos diferentes ámbitos: motor, cognitivo, lingüístico, afectivo e social. Alteracións no desenvolvemento.

13.- As necesidades educativas especiais na etapa de Educación Primaria. A resposta educativa ás necesidades especiais destes alumnos no proxecto curricular e nas programacións. As adaptacións curriculares.

14.- As necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas con deficiencia auditiva. Aspectos diferenciais nas distintas áreas do

desenvolvemento. Identificación das necesidades educativas especiais destes alumnos. Sistemas de detección do déficit auditivo.

15.- Criterios para a elaboración de adaptación curriculares para alumnos e alumnas con deficiencias auditiva. Axudas técnicas para a deficiencia auditiva. Organización da resposta educativa.

16.- As necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas con deficiencia visual. Aspectos diferenciais nas distintas áreas do desenvolvemento. Identificación das necesidades educativas especiais destes alumnos. Aproveitamento da visión residual.

17.- Criterios para a elaboración de adaptación curriculares para alumnos e alumnas con deficiencia visual. Utilización de recursos educativos e axudas técnicas. Organización da resposta educativa.

18.- As necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas con deficiencia motora. Aspectos diferenciais nas distintas áreas do desenvolvemento. Os alumnos con deficiencia motora e outras deficiencias asociadas. Identificación das necesidades educativas especiais deste alumnos.

19.- Criterios para a elaboración de adaptacións curriculares para alumnos e alumnas con deficiencia motora. Organización da resposta educativa.

20.- As necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas con deficiencia mental. Aspectos diferenciais nas distintas áreas do desenvolvemento. Identificación das necesidades educativas especiais destes alumnos.

21.- Criterios para a elaboración de adaptacións curriculares para alumnos e alumnas con deficiencia mental. Organización da resposta educativa.

22.- Os problemas de comportamento no ámbito educativo. Análise dos factores que interveñen desde unha perspectiva interactiva. O papel da escola na prevención dos problemas de comportamento.

23.- As necesidades educativas especiais dos alumnos e das alumnas con autismo ou con outras alteracións graves da personalidade. A identificación das necesidades educativas especiais destes alumnos.

24.- Criterios para a elaboración de adaptación curriculares para os alumnos e alumnas con autismo ou con outras alteracións graves da personalidade. Organización da resposta educativa.

25.- Os alumnos e as alumnas precoces, con talento e superdotados. Identificación das necesidades educativas destes alumnos. Organización da resposta educativa.